



A REVOLUCIÓN RUSA


MAP OF THE RUSSIAN EMPIRE

SHOWING THE REGIONS
OF THE PRECIOUS METALS.


Scale 1:10,000,000

BY PETERHARTIG

-  Gold mines
-  Gold produced in 1890, in pounds.
-  Silver produced in 1890, in pounds.
-  Platinum produced in 1890, in pounds.



LONGITUDINAL PROFILE OF THE ROAD-BELT FOR THE GREAT SIBERIAN RAILWAY



CRISE DO TSARISMO


PROBLEMA AGRÍCOLA

- Maioría da poboación activa adicada á agricultura
- UKASSE de 1861 → Abolición da servidume por Alexandre II
 - ↳ Os servos convértense en individuos xuridicamente libres
 - ↳ Reciben terras a cambio de pagamentos ao Estado
- Adscrición dos campesiños ás comunidades aldeanas (MIR):
Propietaria da maior parte das terras campesiñas, encargábase da súa distribución e regulamentaba o uso dos espazos colectivos
- Minoría → Campesiños ricos (KULAK) → acumulación de terras.
 - producen para o mercado urbano
- Maioría → Campesiños pobres (MUJIK) → pagaron a súa liberación
 - integrados na *mir*
 - agricultura de subsistencia



PROBLEMA INDUSTRIAL E OBREIRO

- 2ª Rev. Ind. ⇒ A extensión do ferrocarril (iniciativa privada) impulsa a produción mineira e siderúrxica e a integración do mercado interior
 - Intervención do Estado:
 - Investimento nas grandes liñas férreas
 - Protección á industria nacional, con aranceis ás importacións
 - Presión fiscal e emisións de débeda para financiación industrial
 - Política de apoio estatal á industria a costa dos intereses agrarios
 - Penetración de capital estranxeiro alentada polo Estado:
 - Grandes beneficios (explotación de carbón, ferro, petróleo)
 - Baixos salarios
 - Altos tipos de interese dos préstamos
 - O capital estranxeiro controla banca, minería, siderometalurxia e química
 - Características do modelo industrial ruso:
 - Industrias extractivas e de bens de equipo sobre as de consumo
 - Producción industrial e man de obra concentrada: San Petersburgo, Moscova, Urais, Donetz, Dnieper, Bakú-Caucaso
- ┌═══════════▶ Avance dos *CARTELS* ⇒ Control de produción e prezos



 **Тов А.К.ДУБНИНЪ**
въ ОДЕССѢ.




Здесь вы найдете все лучшее, что только можно достать в Одессе.
 на которой мы имеем свои склады и фабрики.

РЫБНЫЕ и ОВОЩНЫЕ КОНСЕРВЫ


Я ПЬМЪ КОНСЕРВЫ ТОЛЬКО
Товъ Иосифъ С.КЕФЕЛИ
БАЛАКЛАВА
(КРЫМЪ)



ЛЕВАНЪ И СОТЪ

PROBLEMA NACIONAL

- Imperio ruso $\Rightarrow$ Centos de grupos étnicos, decenas de relixións e de linguas ($\rightarrow$ dominio dos rusos)
- Estado tsarista $\Rightarrow$ Centralización que forza a integración de minorías $\rightarrow$ Política de rusificación que favorece a Igrexa ortodoxa e impón a lingua rusa
- Represión das reivindicacións nacionais
- Rexións occidentais $\Rightarrow$ Influencia da intelectualidade nacionalista sobre as masas



PROBLEMA POLÍTICO E OPOSICIÓN AO TSARISMO

Alexandre II



- 1861: Abolición dos servos
- Avance tardío da industrialización
- Rusificación
- 1881: Asasinato do tsar



Reacción autocrática:

- Ampliación do poder da policía ⇒ Creación da OKHRANA
- Redución do papel dos tribunais
- Control de desviacións ideolóxicas
- Dumas municipais (ZEMSTVA) asembleas comunais substituídas por funcionarios do goberno.
- Política de rusificación máis dura

- Cambios económicos ⇒ Sociedade máis complexa e conflitiva
- **OPOSICIÓN** clandestina estruturada en diferentes opcións políticas:
 - **PARTIDO CONSTITUCIONAL DEMÓCRATA** (Kadet-KD) 1905
 - Ideoloxía liberal: Parlamento, Constitución, dereitos, sufraxio
 - Pretenden realizar unha reforma agraria
 - Partidarios da autonomía das nacionalidades
 - **PARTIDO SOCIAL-REVOLUCIONARIO** (Eserita-SR) 1901
 - Partidarios do socialismo agrario e da colectivización da terra
 - Apoios entre o campesiñado
 - Diferenzas (partidarios ou non do terrorismo)
 - **POPULISTAS** (*narodniks*) → Socialismo agrario con colectivización da terra
 - **PARTIDO OBREIRO SOCIALDEMÓCRATA RUSO** (POSDR) 1898
 - Ideoloxía marxista e base no proletariado industrial
 - Diverxencias sobre organización e papel do partido ⇒ 1903: División:
 - a) **MENXEVIQUES** (Plejanov, Martov)
 - Fase democrática burguesa previa á revolución socialista
 - Favorables ao pluralismo de tendencias dentro do Partido
 - Aceptación de coalicións con outros partidos
 - b) **BOLXEVIQUES** (Lenin)
 - Partido forte, organizado e profesionalizado
 - Non é necesaria unha fase burguesa previa á Revolución
 - 2 tarefas: loita contra a autocracia + loita contra o capitalismo
 - **ANARQUISTAS** → En contra de calquera forma de poder

A REVOLUCIÓN DE 1905

- 1901: Crise → Folgas nos centros fabrís ⇒ Conflitividade social
→ Malas colleitas
- 1904: - Rivalidade entre Rusia e Xapón ⇒ Guerra ⇒ Derrota rusa
 - Atentados dos SR (eseritas)
 - Os liberais piden unha Asemblea representativa
 - Oposición do tsar a calquera concesión
- 9-I-1905: O **Domingo Vermello** convértese no Domingo de Sangue
 - ↳ Carga do exército do tsar contra unha manifestación
- Folgas → Demandas económicas e sociais
→ Petición de reformas políticas
- Dirección: → Comités de obreiros
→ **SOVIETS**: consellos de deputados obreiros
- Renacemento da conflitividade campesiña → Contra a gran propiedade
 - Elección da dirección das *mir*
 - Negativa ao pago de impostos
- Mobilizacións nacionalistas (Polonia, Finlandia, Báltico)
- Exército → Motíns por → Pésimas condicións do servizo militar
→ Temor dos soldados polo traslado á fronte



1905

Peticións do pobo ao tsar


Señor! Nós, obreiros de San Petersburgo, as nosas mulleres, fillos e anciáns inválidos, chegamos a ti, oh tsar!, para solicitar xustiza e protección. Estamos na miseria, oprimidos e cargados con traballo excesivo, tratados coma escravos que deben aturar pacientemente a súa amarga sorte e calar.

Ata agora aturámolo todo. Pero cada vez sentimos con máis claridade a miseria, a ausencia de dereito e a ignorancia, froito do despotismo e a arbitrariedade. Señor, chegamos ao límite da paciencia. Cremos preferible morrer que prolongar insoportables sufrimentos.

Señor! Isto é conforme coas leis divinas, en virtude da cal gobernades? Non deixes de protexer ao teu pobo. Sácao da tumba da arbitrariedade, da miseria, da ignorancia.

Ordena convocar os representantes de todas as clases e ordes do pobo ruso. E para isto manda que as eleccións á Asemblea Constituínte se fagan segundo o sufraxio universal, secreto e igual. É a nosa petición máis importante.

Petición dos traballadores de San Petersburgo dirixida ao tsar,
8 xaneiro 1905.



Domingo de Sangre



E foi, en efecto, unha xornada histórica o choque sanguento entre o pobo e o exército; entre unha multitude inerme, indefensa, sen máis armas cá súa razón e a súa xustiza, e o instrumento das altas obras dunha autocracia insensata, delirante, último resto da barbarie medieval.

Desde primeira hora mobilizouse toda a policía e foi reforzado o efectivo das tropas, en previsión dos graves sucesos que se anunciaban. Esta completamente interrompida a circulación polos obreiros. É xeral, inmensa, a emoción producida polo público de todas as clases e idades polos abusos da tropa. Por todas as rúas óense protestas de indignación polas sanguentas represións, que non están xustificadas.

Os obreiros respondían ás intimidacións e cargas dos cosacos deitándose no chan para evitaren os efectos das pancadas e disparos; pero os soldados practicamente os fusilaban, disparando de arriba a abaixo.

Heraldo de Madrid, 23 xaneiro 1905.



- **OUTUBRO** ⇒ Ebullición revolucionaria → Diferentes obxectivos:
 - burguesía → liberdades políticas
 - obreiros → xornada de 8 horas, sindicatos, melloras laborais
 - campesiños → ocupación de terras dos grandes propietarios
- ⇒ WITTE presenta o **MANIFESTO DO 17 DE OUTUBRO**:
 - Liberdades civís
 - Eleccións á Duma (amplo sufraxio)
- División das forzas antitsaristas:
 - Aceptan: burguesía, moderados, dereita liberal, dereita dos SR
 - Non participan nas eleccións: SR de esquerda, bolxeviques
- Recuperación do control polo tsar:
 - Detención dos líderes campesiños e os do soviets de San Petersburgo
 - Lei marcial, destrución de barricadas e illamento dos barrios obreiros
- 1906: **LEIS FUNDAMENTAIS**:
 - Sistema de eleccións indirecto (por grupos segundo riqueza)
 - Dereito de veto do tsar por un ano
 - Cámara alta co mesmo poder da Duma
- Febreiro 1907: Convocatoria de eleccións para a segunda Duma
 - ↳ Participación dos bolxeviques → Programa:
 - A terra pertence ao pobo ⇒ Nacionalización da terra
 - Reforma agraria
 - ↳ Deputados acusados de conspiración ⇒ Disolución da Duma

- Repercusións de 1905:

- ✓ As masacres substitúen a imaxe do Tsar protector pola dun tirano sanguinario
- ✓ Fracaso da Duma → Amosa que o reformismo non é a vía para a modernización de Rusia
- ✓ Motíns de soldados → Falta de unidade e fidelidade do exército co tsarismo
- ✓ Derrotas militares → Factor desestabilizador
- ✓ Os revolucionarios comprobaron que o control da capital podería permitir o afundimento do réxime
- ✓ Situación desesperada do campesiñado → Disposto á revolta
- ✓ Organizacións revolucionarias especificamente rusas → **SOVIET** (base da organización estatal bolxevique)

O PENSAMENTO REVOLUCIONARIO: LENIN

- Pensamento inspirado na obra de Marx, elaborado noutra época.

a) O **Imperialismo**

- A guerra imperialista debe converterse en guerra civil.
- O proletariado non corrompido dun país pobre en fase de industrialización iniciará a Revolución (→ Rusia).

b) Aportación dos **intelectuais**

- A *intelligentsia* pode mobilizar e adoutrinar ao pobo.

c) Papel do **Partido**: Importancia da disciplina

- Non hai revolución sen organización de dirixentes.
- Organización de poucas persoas que operen na clandestinidade.

d) O **Estado**

- O poder da nova Rusia residirá nos soviets.
- Parlamento composto por deputados de obreiros.
- Substitución das institucións occidentais por comisións de especialistas.
- Estado ⇒ Maquinaria administrativa, sen poder.

e) **Ditadura do proletariado**

- Control do poder polo proletariado (fase transitoria).
- Obxectivo ⇒ Destrución da democracia burguesa.

f) O **socialismo nun só país** (Marx-Engels: revolución mundial)



REVOLUCIÓN DE FEBREIRO 1917

- Gran Guerra → Frustracións militares e problemas económicos
 - Colapso da industria
 - Desorganización do transporte
- División das forzas revolucionarias sobre a guerra:
 - a) Partidarios dunha tregua co Tsar
 - b) Internacionalistas ⇒ Chamada á solidariedade obreira
- 23 Febr. 1917 → Manifestacións, folgas e motíns no exército
- 27 Feb → Confraternización de obreiros e soldados.
 - Liberación dos presos políticos.
 - Constitución de comités ou Soviets que ocupan Petrogrado.
 - Destacamentos de obreiros e soldados ocupan edificios públicos.
- Nicolás II abdica ⇒ Gran Duque Miguel ⇒ Goberno Provisional.
 - ↳ Soviet de Petrogrado (menxeviques, SR)
 - ↳ Goberno Provisional → Presidente: LUOV (KDT)
- └─▶ **Dobre poder (Trotski)**
- Bolxeviques → Desorientación pola rapidez dos acontecementos
- Constitución de soviets en todos os centros neurálxicos
- Peticións:
 - a) obreiros: xornada de 8 horas, formación de comités de fábrica.
 - b) campesiños: propiedade da terra
 - c) soldados: final da guerra, indemnizacións, pensións
 - d) pobos alóxenos: autonomía, formación de repúblicas federais.

- Características da **REVOLUCIÓN DE FEBREIRO**:

- Centro: Petrogrado $\Rightarrow$ basta o control da capital.
- Dualidade de poder: proletariado (Soviet) / burgués (Gob. Provisional)
- Papel dos bolxeviques $\rightarrow$ á espera pola falta de dirixentes

↳ Crítica de LENIN: **TESES DE ABRIL**:

- Paso á 2ª etapa da Revolución
- Rexeitamento da guerra.
- Non colaboración co Goberno Provisional
- Expropiación dos grandes propietarios.

- Continuación da guerra $\Rightarrow$ Acentuación das diverxencias políticas:

- ✕ KDT $\rightarrow$ Continuación da guerra ata a vitoria
- ✕ Menxeviques e SR $\rightarrow$ Guerra defensiva para unha paz sen anexións
- ✕ Bolxeviques $\rightarrow$ Paz inmediata.
 $\rightarrow$ A Revolución aínda non cubriu ningunha fase.

- Incapacidade do goberno para facer reformas reais.

- Crecente radicalismo das masas $\rightarrow$ receptivas ás propostas bolxeviques

- Xornadas de Xullo $\Rightarrow$ Manifestacións e sublevacións de unidades militares.

↳ Represión dos bolxeviques $\Rightarrow$ Ilegalización.

- Agosto $\Rightarrow$ Fracaso do golpe de Estado de **Kornilov** pola axuda bolxevique ao goberno (presidente: KERENSKI).

1917

O 23 de febreiro é a xornada internacional das mulleres. Ningunha organización convocou folga ese día. Sen embargo, o número de folguistas é de 90.000 aproximadamente. No día seguinte, os traballadores diríxense cara o centro da cidade. A palabra ordenada “Pan” abandónase e aparecen outras fórmulas: “Abaixo a autocracia” e “Abaixo a Guerra”.

O 25 a folga adquire maior amplitude. O 26 de febreiro é un domingo. Pouco a pouco, os obreiros vanse concentrando e de todos os barrios converxen cara o centro. Os soldados recibiron a orde terminante de disparar e disparan. “Non disparedes sobre os vossos irmáns!, berran os obreiros e as obreiras, ademais de “Vinde con nós!”.

O 27, un tras outro, desde a mañá, antes de saír dos cuarteis, os batallóns de reserva da garda amotínanse. Aquí e alá, os obreiros logran unirse á tropa, penetrar nos cuarteis, obter fusís, cartuchos.

TROTSKI, *Historia da revolución rusa*, 1932.



GOBERNO PROVISIONAL

Cidadáns do Estado ruso:

Producíuse un grande acontecemento. Gracias ao poderoso impulso do pobo ruso, o Antigo Réxime foi derrocado. Unha Rusia nova e libre acaba de nacer. Este derrocamento é a culminación de numerosos anos de combate.

Pola acción de 1905 e baixo a presión das forzas populares sublevadas, prometéranse a Rusia liberdades constitucionais. Sen embargo, estas promesas non foron cumpridas. A Duma foi disolta e novamente o país afundiuse nun abismo de absolutismo e arbitrariedades. Todos os intentos de facer entrar en razón ao Goberno foron inútiles.

A Nación viuse obrigada a tomar o poder nas súas mans. Unanimemente, o entusiasmo revolucionario do pobo, plenamente consciente da gravidade do momento e a determinación da Duma, crearon o Goberno Provisional.

O Goberno fará todo o posible para abastecer ao exército de todo canto precise para continuar a guerra ata o seu final victorioso. O Goberno considerará sagradas as alianzas que nos unen con outras potencias e respectará os acordos tomados cos nosos aliados.

O Goberno convocará unha Asemblea Constituínte o máis rapidamente posible sobre a base do sufraxio universal, directo, igual e secreto. A Asemblea Constituínte promulgará as leis fundamentais que garantan ao país os dereitos inalienables de xustiza, liberdade e igualdade.

Goberno Provisional, 6 marzo 1917.

O SOVIET DE PETROGRADO

Camaradas proletarios, traballadores de todos os países:

Nós, soldados e obreiros rusos, unidos no seo do Soviet dos deputados obreiros e soldados, enviámosvos os nosos saúdos calorosos e informámosvos dun gran suceso. A democracia rusa derrubou o despotismo dos tsares e entrou totalmente na familia das nacións como membro igual ás demais e como unha poderosa forza no combate para a nosa liberación. A nosa victoria é unha gran victoria para la liberdade e a democracia. Viva a liberdade. Viva a solidariedade internacional do proletariado e viva o seu combate para a victoria final.


Os pobos de Rusia expresarán a súa vontade nunha Asemblea Constituínte, que será pronto convocada sobre a base do sufraxio universal, directo, igual e secreto. Pódese xa predicir con confianza que unha república democrática se instaurou en Rusia. O pobo ruso posúe agora unha liberdade total.

Traballadores de todos os países: tendendo as nosas mans como irmáns por riba das montañas dos corpos dos nosos mortos facémosvos un chamamento para restaurar a unidade internacional.

Proletarios de todos os países, unídevos!

O Soviet dos deputados de obreiros e soldados de Petrogrado.

Declaración do Soviet de Petrogrado a todos os pobos, 27 marzo 1917.



ASEMBLEA NA FÁBRICA PUTILOV

QUEIXAS DOS OBREIROS DE EKATERINODAR

Traballábase ata dez horas e media ao día, e algúns de nós só percibiamos por ese tempo un rublo e 20 kopeks. Sométesenos a un rexistro asoballante. Non se nos ofrece ningunha comodidade para as nosas comidas e para o noso aseo.

As reivindicacións que expresamos son as seguintes:

A xornada de oito horas.

O salario por xornada traballada e non por peza fabricada.

Un salario de tres rublos diarios para todos os obreiros.

Cese dos rexistros.

Instalación dunha cantina e de retretes.

Mellora da ventilación na fábrica.

Que sexa a empresa a que proporcione as ferramentas.

Supresión do traballo dos nenos.

Que a administración teña unha actitude educada cos traballadores.

Ningún despido sen o acordo do “comité de fábrica”.

Pago semanal dos salarios.

Dúas semanas de salario en caso de despido.

FERRO, M., *La Revolución de 1917*, 1975.

REIVINDICACIÓNS CAMPESIÑAS

A asemblea do goberno de Voronezh, despois de escoitar os informes e debates sobre a cuestión agraria, declara:

1. Toda a terra debe ser transferida ao pobo.
2. A propiedade da terra debe ser abolida.
3. A explotación da terra é un dereito de todos os que a traballan.
4. A terra é expropiada aos seus posuidores sen indemnización.

A asemblea considera urxente e indispensable a promulgación, polo goberno provisional, das seguintes leis:

1. Facer que cese toda transacción sobre as terras (compra, venda ou hipoteca).
2. Conferir aos comités da terra o dereito a traballar as terras non explotadas polos posuídores.
3. Tomar medidas para proporcionar aos comités da terra instrumentos de labranza de todas clases e todo o que lles sirva para a explotación.
4. Atribución, aos comités da terra, do dereito a regulamentar os arrendamentos e os salarios dos obreiros agrícolas.
5. Os comités da terra deben preservar os bosques, as zonas de pesca e outros lugares produtivos de todo acto de pillaxe, a fin de garantir a súa utilización por todo o pobo.

Resolución adoptada por unanimidade en Voronezh, o 9 de abril de 1917.

TESES DE ABRIL

- **A nosa actitude cara a Guerra –que por parte de Rusia, baixo o novo Goberno de Luov e compañía, segue a ser indubidablemente unha guerra imperialista de rapina, debido ao carácter capitalista dese Goberno- non é posible tolerar ningunha concesión por pequena que sexa ao “defensismo revolucionario”.**
- **O característico do momento actual en Rusia é o paso da primeira etapa da revolución, que deu o poder á burguesía por carecer o proletariado do grao preciso de conciencia de clase e de organización, á segunda etapa, que debe poñer o poder nas mans do proletariado e dos sectores pobres dos campesiños.**
- **Nin o menor apoio ao Goberno Provisional; demostrar a falsidade absoluta de todas as súas promesas.**
- **Recoñecer que na meirande parte dos Soviets de Deputados Obreiros o noso Partido está en minoría. Explicar á masa que os Soviets de Deputados Obreiros son a única forma posible de goberno revolucionario.**
- **Non a unha República Parlamentaria senón a unha República de Soviets.**
- **No programa agrario confiscación de todas as terras dos terratenentes. Nacionalización de todas as terras do país, que serán postas a disposición dos Soviets locais.**
- **Fusión inmediata de todos os bancos do país nun banco nacional único, sometido ao control dos Soviets.**
- **Cambiar o nome do Partido que debe chamarse Partido Comunista.**

LENIN, “Sobre os obxectivos do proletariado na Revolución actual”, *Pravda*, 4 abril 1917.



Manifestación 18 xuño:

“Abaixo os 10 ministros capitalistas. Todo o poder para os Soviets de obreiros, soldados e campesiños”



Manifestación 4 xullo

MANIFESTO DO XENERAL KORNILOV, 25 agosto 1917



Pobo ruso: a nai patria está a punto de perecer, a hora final achégase. Obrigado é expresarse abertamente. Eu, xeneral Kornilov, declaro que o Goberno Provisional actúa baixo a presión da maioría bolxevique dos soviets, de pleno acordo co Estado Maior alemán (...).

A conciencia trágica da inevitable destrución do país inponme facer un chamamento ao pobo ruso para que salve a patria en perigo.

Xuro que grazas a esta vitoria sobre o inimigo, poderei proporcionarlle ao pobo esta Asemblea Constituínte, onde el decidirá o seu propio destino e escollerá a súa propia forma de goberno.

A insurrección como única vía para tomar o poder

Que todo o poder debe pasar aos Soviets, é evidente.

No que cómpre deterse é en algo que seguramente non está moi claro para todos os camaradas, a saber: que o paso do Poder aos Soviets significa hoxe, na práctica, a insurrección armada.

Aplicado a Rusia e ao mes de outubro de 1917 quere dicir isto: ofensiva simultánea, o máis súbita e rápida posible, sobre Petrogrado.

Combinar as nosas tres forzas principais –a flota, os obreiros e as unidades militares- de tal xeito que por riba de todo poidamos ocupar e manter, calquera que sexa o número de baixas que nos custe: a) a central de teléfonos, b) a central de telégrafos, c) as estacións ferroviarias, e d) as pontes.

Seleccionar aos elementos máis decididos e formar pequenos destacamentos destinados a ocupar todos os puntos máis importantes e participar en todas as operacións.

O triunfo da Revolución rusa e da Revolución mundial depende de dous ou tres días de loita.

LENIN, *Consellos dun ausente*, 8 outubro 1917.



OUTUBRO: TRIUNFO DA REVOLUCIÓN BOLXEVIQUE

- 9 Outubro: Chegada de Lenin ⇒ Decídese preparar a insurrección armada.
 - ↳ “A arte da insurrección” (publicado en *Pravda*) ⇒ Liñas da ofensiva:
 - ataque desde os barrios obreiros.
 - combinación de flota, obreiros e exército.
 - ocupación urxente de puntos clave.
 - illamento da capital.
- Detonante da Revolución ⇒ O goberno decide levar soldados á fronte
- Comités de obreiros e soldados ocupan os servizos públicos.
- A **Garda Vermella (Trotski)** duplica os seus efectivos.
- 25 out. → A Garda Vermella ocupa o Palacio de Inverno e detén ao goberno.
 - ↳ Triunfo ⇒ Poder para os Soviets
 - ⇒ CONSELLO DE COMISARIOS DO POBO (SOVNARKOM)
- Revolución desde os grandes centros industriais: Petrogrado e Moscova
- Necesidade do control das provincias para impedir a contrarrevolución
 - Comités de Seguridade Pública.
 - Comités de Salvación da Patria.
- Revolución rápida na cunca do Volga.
- Instalación lenta e precaria dos soviets en moitas zonas do Imperio.



Caída do Goberno Provisional

Aos obreiros, soldados e campesiños!

O Goberno Provisional foi deposto e a meirande parte dos seus membros detidos. O poder dos Soviets propoñerá unha paz democrática inmediata a todas as nacións. Procederá á entrega aos comités de campesiños dos bens dos terratenentes, da Coroa e da Igrexa. Establecerá o control obreiro sobre a produción, asegurará para a data fixada a convocatoria da Asemblea Constituínte e garantirá a todas as nacións que viven en Rusia o dereito absoluto de autodeterminación.

O Congreso decide que o exercicio de todo o poder nas provincias queda transferido aos Soviets de Deputados Obreiros, Campesiños e Soldados, que deberán garantir unha disciplina revolucionaria perfecta.

II CONGRESO DOS SOVIETS, *Proclamación da caída do Goberno Provisional*, 26 outubro, 1917.



CONGRESO DOS SOVIETS

CONSOLIDACIÓN DA REVOLUCIÓN

- Extensión da Revolución ⇒ Confusión e enfrontamentos armados
- Periferia ⇒ Movementos nacionalistas convocan Parlamentos e proclaman a independencia: Finlandia, Estonia, Letonia, Lituania, Ucraína, Bielorrusia, Xeorxia, Armenia, Azerbaijan.
- Desorganización do exército ruso. ⇒ **Decreto a favor da paz** (Lenin).
- Inferioridade do goberno bolxevique ⇒ Duras condicións de paz:
TRATADO DE BREST-LITOVSK (8-III-1918): Renuncia a Estonia, Letonia, Lituania, Polonia, Besarabia, Ucraína, Finlandia.
- **Decretos:**
 - Nacionalización dos medios de produción e da banca.
 - Desmobilización do exército.
 - Control da prensa antibolxevique.
 - Supresión de títulos e privilexios.
 - Separación Igrexa-Estado.
 - Establecemento do matrimonio civil.
 - Igualdade da muller.
 - Adopción do calendario occidental.
- *Comisión Extraordinaria contra a contrarrevolución e o sabotaxe (Tcheka, 1917)* contra forzas antibolxeviques, partidos opositores e manifestacións populares.
Funcións:
 - manter a orde pública.
 - loita contra os non bolxeviques.

Decretos de outubro

Aos pobos e aos Gobiernos de todos os países belixerantes.

O Goberno obreiro e campesiño instituído pola Revolución do 24-25 de outubro e que se apoia nos Soviets de Deputados Obreiros, Soldados e Campesiños, propón a todos os pobos en guerra e aos seus Gobiernos principiar inmediatamente conversas para lograr unha paz democrática e xusta.

O Goberno considera como unha paz democrática e xusta unha paz inmediata sen anexións nin indemnizacións.

O Goberno estima que continuar esta guerra para dilucidar a cuestión de saber como dividir entre as nacións fortes e ricas os pobos débiles conquistados por elas, sería cometer o máis grande dos crimes contra a humanidade e proclama a súa vontade de asinar inmediatamente un tratado de paz que faga cesar esta guerra nas condicións indicadas.

LENIN, *Decreto sobre a paz*, 26 outubro, 1917.



Control da Revolución

A *Tcheka* non é un tribunal; é a defensa da Revolución, como é o Exército Vermello, e igual que na Guerra Civil o Exército Vermello non pode pararse a preguntar se vai danar a individuos particulares, senón que ten que ter en conta unha única cousa –a vitoria da Revolución sobre a burguesía-, do mesmo modo a *Tcheka* ten que defender a Revolución e vencer ao inimigo, aínda que a súa espada caia ocasionalmente sobre cabezas de inocentes.

DZERZHINSKI [Director da Tcheka desde a súa fundación o 7 xullo 1917], *Discurso*, 1918.

Declaración de Dereitos dos Pobos de Rusia (14 novembro 1917)

O Consello de Comisarios do Pobo decidiu establecer como base da súa acción na cuestión das nacionalidades os seguintes principios:

1. Igualdade e soberanía dos pobos de Rusia.
2. Dereito dos pobos de Rusia á libre determinación, incluído o dereito a separarse totalmente e constituírse en Estado independente.
3. Supresión de todos os privilexios e restricións de carácter nacional ou relixioso.
4. Libre desenvolvemento das minorías nacionais e os grupos étnicos que poboan o territorio de Rusia.

O novo Estado soviético

Art. 1. Rusia recibirá o título de República dos Soviets de Obreiros, Soldados e Campesiños. Todo o poder central e local pertence a estes Soviets.

Art. 2. A República Rusa dos Soviets queda fundada sobre o principio da libre unión das nacións libres e constituirá unha Federación de Repúblicas Nacionais de Soviets.

Art. 24. O Congreso Panruso de Soviets é o poder supremo.

Art. 25. O Congreso Panruso de Soviets componse de representantes dos Soviets de cidades, a razón dun deputado por cada 25.000 electores, e de representantes dos congresos dos Soviets provinciais, a razón dun deputado por 125.000 habitantes.

Art. 29. O Comité Executivo Central de Soviets é responsable ante o Congreso panruso de Soviets.

Art. 31. O Comité Executivo Central Panruso de Soviets é o órgano supremo de lexislación, administración e control.

Constitución da RSFSR, xullo 1918.

Central Committee of the Communist Party in 1917

<http://marxists.org/>



A. Rykov 1881-1938
Soviet Premier
Shot



N. Bukharin 1888-1938
Politburo
Shot



Y. Sverdlov 1885-1919
President CC
Typhoid



J. Stalin 1879-1953
General Secretary
Cerebral Hemorrhage



G. Zinoviev 1883-1936
Politburo
Shot



M. Uritsky 1873-1918
NKVD
Civil War



L. Trotsky 1879-1940
Commissar Red Army
Assassinated



L. Kamenev 1883-1936
Chairman CC
Shot



V. Lenin 1870-1924
Soviet Premier
Stroke



A. Kollantai 1872-1952
Ambassador Norway
Heart Attack



I. Smilga 1892-1938
Military Rev. Comm.
Shot



A. Joffe 1883 - 1927
Commissar Foreign Affairs
Suicide



V. Nogin 1894-1926
CPC
Natural causes



A. Bubnov 1883-1940
Directorate Red Army
Died in prison



F. Dzerzhinsky 1877-1926
Comm. NKVD
Heart Attack



M.K. Muranov 1873-1959
CC
Natural Causes



G. Lomov 1888-1938
VSNKh
Shot



S. Shaumyan 1878-1918
Baku CPC
Civil War



J. Berzin 1890-1935
NKVD
Strangled



V. Milyutin 1884-1937
VSNKh
Shot



S. Artem 1883-1921
Comm. NKVD
Train Crash



E. Stassova 1873-1966
Secretary CC
Natural Causes



N. Krestinsky 1883-1938
Comm. Intl. Affairs
Shot



P. Dzhaparidze 1880-1918
Baku CPC
Civil War



G. Sokolnikov 1886-1939
Commissar for Finances
Died in prison



A.S. Kiselev (1879-1937)
VSNKh
Shot

EL NUEVO MODELO DE ESTADO SOVIÉTICO FRENTE A LA DEMOCRACIA LIBERAL

DEMOCRACIA
LIBERAL



ESTADO
SOVIÉTICO

PLURALISMO POLÍTICO

RÉGIMEN DE PARTIDO ÚNICO
(PCUS)

SEPARACIÓN DE
PODERES

CONTROL MONOLÍTICO
DEL ESTADO

SUFRAGIO
UNIVERSAL

IGUALDAD
LEGAL

LIBERTADES
INDIVIDUALES

- La separación de poderes es sólo formal
- El congreso de los Soviets (poder legislativo) está subordinado al gobierno y éste, al partido.
- El sufragio universal está desvirtuado, pues sólo se puede elegir a los candidatos del PCUS.
- Las libertades individuales no serán efectivas, ya que se prohíbe y reprime cualquier tipo de oposición política.

Se trata, en definitiva, de un sistema dictatorial que se justifica en nombre de la revolución socialista

Peticións contrarias ao goberno bolxevique

Cómpre un cambio total na política do goberno. En primeiro lugar, os obreiros e mailos campesiños necesitan liberdade. Non queren vivir segundo os decretos bolxeviques, senón decidiren eles mesmos o seu propio destino. Esiximos organizadamente e con firmeza a liberación de todos os detidos obreiros socialistas e independentes, o levantamento da lei marcial, a liberdade de expresión, de prensa e de reunión para todos os traballadores, novas eleccións libres dos consellos de fábricas, sindicatos e soviets.

Manifesto redactado durante as folgas de Petrogrado, febreiro 1921, co apoio de menxeviques, socialrevolucionarios e anarquistas.

GUERRA CIVIL

- Crecemento do número de opositores á política bolxevique.

⇒ III-1918: **GUERRA CIVIL** con intervención estranxeira.

➤ **EXÉRCITO BRANCO**

- Oposición unida contra os Soviets
- Apoio militar e financeiro de Gr.Br., Francia, EE.UU. e Xapón.
- Obxectivos
 - Evitar o “contaxio revolucionario”.
 - Cobrar as débedas
 - Esixir indemnizacións polas nacionalizacións.
- Apoio dos *kulaks*, descontentos polas requisas e a colectivización
- Problemas
 - Rivalidades internas.
 - Incapacidade para atraerse poboación.

➤ **EXÉRCITO VERMELLO** → Organizado por TROTSKI a partir das milicias obreiras dos Soviets (Garda Vermella)

- Servizo militar obrigatorio ⇒ Recrutas masivas de campesiños.
- Inicial desorganización que permite o avance do Exército Branco.
- Organización dun exército revolucionario fortemente disciplinado.
- Control das vías de comunicación ⇒ Vitoria (1921).
- ⇒ Paralela á guerra ⇒ Política de terror de cada bando sobre o seu contrario: atentado contra Lenin, execución da familia imperial (16-VII-1918).

Guerra civil e intervenciones extranjeras (1918-1922)

-  Territorio controlado por los bolcheviques y el Ejército Rojo
-  Territorios perdidos entre 1918 y 1922
-  Intervenciones militares



-  Desembarco de fuerzas norteamericanas, británicas y francesas (1918)
-  Checos (1918)
-  Fuerzas navales francesas y británicas
-  Wrangel y Denikin
-  Almirante Kolchak, rusos blancos (1919)
-  Norteamericanos
-  Japoneses
-  Desembarco de tropas norteamericanas



At the Somme, 1916. The British.



MEDIDAS ECONÓMICAS

A) As primeiras medidas (Decretos de Outubro de 1917)

- Obxectivo ⇒ Devolver o control dos medios de produción ás clases populares.
- 1917: DECRETO SOBRE A TERRA
- 1918: LEI DE SOCIALIZACIÓN DA TERRA
- Cambios nas estruturas agrarias e nas condicións campesiñas:
 - Nivelación das explotacións agrarias (pequeno tamaño).
 - Consolidación dos campesiños medios.
 - Estratificación pola distribución de medios de produción
 - Escasa modernización de equipos e técnicas de cultivo
 - Escasas colectivizacións
- DECRETO SOBRE O CONTROL OBREIRO ⇒ Autoxestión proletaria.
- 1917: CONSELLO SUPREMO DA ECONOMÍA NACIONAL (**VESENJA**)
 - ↳ Nacionalización de industrias clave.
- Nacionalización da banca ⇒ Fusión de bancos privados no Banco do Estado.
 - ⇒ As actividades financeiras son monopolio estatal.

Queda abolido para sempre o dereito de propiedade privada sobre a terra. Todas as terras do Estado, da Coroa, do Tsar, dos Conventos, da Igrexa son transferidas sen indemnización, convértense en patrimonio de todo o pobo.

Os que fosen damnificados por esta transformación do réxime de propiedade non se lles recoñece máis dereito que o de recibir un socorro da sociedade durante o tempo necesario para se adaptar ás novas condicións de existencia.

Todas as riquezas do subsolo, así como os bosques e as augas de importancia nacional, serán usufrutuados, con carácter exclusivo, polo Estado.

As terras con alto nivel técnico (hortas, plantacións, viveiros) non serán repartidas, senón convertidas en facendas modelo.

Teñen dereito ao usufructo da terra todos os cidadáns do Estado ruso (sen distinción de sexo) que desexen traballala eles mesmos.

LENIN, *Decreto sobre a terra*, 26 outubro 1917.

B) Comunismo de Guerra (1918-1921)

- Consecuencias económicas negativas da PGM e da Guerra Civil.
 - ↳ Prioridades → Producción para as necesidades bélicas.
→ Abastecemento alimentario ás cidades.
 - ↳ Crecente intervencionismo estatal (Vesenja).
- Requisa dos excedentes agrarios ⇒ Distribución ao exército e racionamento.
- Crise agraria ⇒ Os campesiños, sen incentivos, producen para o autoconsumo.
 - ↳ Non hai excedentes para abastecer ás cidades.
- Descontento rural ⇒ Escaso apoio aos bolxeviques.
- Confiscacións → Acentuación da redución das colleitas.
→ Desviación de parte dos excedentes cara o mercado negro.
- Efectos da crise nas cidades:
 - ✗ Pago de parte dos soldos en especie.
 - ✗ Intensificación do racionamento.
 - ✗ Éxodo da poboación urbana ás zonas rurais.
 - ✗ Paralización de fábricas.
 - ✗ Escasa rede de transportes.
 - ✗ Descenso da man de obra na industria.
- Medidas do Sovnarkom para aumentar a produtividade:
 - Nacionalización dos centros produtivos.
 - Dirección do Estado de fábricas, talleres e redes comerciais.
 - Abolición dos mecanismos de mercado.
 - Militarización da disciplina laboral.

Comunismo de Guerra

A crítica situación e a ameaza da fame, creada pola especulación e a sabotaxe dos capitalistas e funcionarios, así como polo desbaraxuste xeral, fan imprescindibles a adopción de medidas revolucionarias excepcionais.

Todas as empresas de sociedades anónimas son declaradas propiedades do Estado.

Quedan anulados os empréstitos do Estado tanto exteriores como interiores.

Implántase o traballo obrigatorio.

Os sindicatos de obreiros e empregados ferroviarios están obrigados a levar á práctica unha organización máis perfecta do transporte de víveres, combustible e outros artigos de primeira necesidade, guiándose en primeiro lugar polos pedidos e as ordes dos Soviets de Deputados Obreiros, Soldados e Campesiños.

LENIN, *Proxecto de Decreto sobre a posta en práctica da nacionalización da industria*, 28 xuño 1918.



EL COMUNISMO DE GUERRA

OBJETIVOS:

- Salvar la revolución
- Ganar la guerra civil
- Superar la crisis económica

LOGROS:

- El Ejército Rojo gana la Guerra Civil.
- Se sientan las bases políticas del nuevo Estado Soviético.

Ponen en peligro el control que los bolcheviques tienen del estado

PROCEDIMIENTOS:

- Control estatal de la economía y planificación de la producción
- Colectivización agraria y requisas de grano a los Campesinos
- Limitación de los derechos sindicales de los obreros

RESULTADOS:

- Caos económico: caída de la producción.
- Carestía y mercado negro.
- Resistencias de la población y malestar social (hambre) (represión)





Fame e crise económica 1920-1921



CONSECUENCIAS ECONÓMICAS DA GUERRA

Actividades económicas	1913	1921
Produto bruto de toda a industria (índice)	100	31
Gran industria (índice)	100	21
Carbón (millóns de t)	29	9
Petróleo (millóns de t)	9,2	3,8
Electricidade (milleiros de millóns de kw/h)	2.039	520
Lingotes de ferro (millóns de t)	4,2	0,1
Aceiro (millóns de t)	4,3	0,2
Azucre (millóns de t)	1,3	0,05
Producción agrícola (índice)	100	60
Exportacións (rublos do ano 1913)	1.520	20
Importacións (rublos do ano 1913)	1.374	280

C) A Nova Política Económica (NEP, 1921-1928)

- Descontento contra o goberno:
 - Extensión das folgas
 - Revolta de obreiros e mariños de Kronstadt.
- 1921: X Congreso do PCR $\Rightarrow$ NEP $\rightarrow$ Cambio na política económica.
 - $\hookrightarrow$ Instauration dun Capitalismo de Estado
- Medidas no sector agrícola:
 - Fin das requisas de excedentes, substituídas por un imposto en especie.
 - Autorización da compravenda de terras e de arrendamentos.
 - Substitución do imposto en especie por metálico.
 - $\hookrightarrow$ Beneficiarios $\rightarrow$ *Kulaks*
 - $\hookrightarrow$ Aumenta a estratificación agrícola con mellora xeral da vida campesiña.
 - $\hookrightarrow$ Diminúe o malestar campesiño do comunismo de guerra.
 - $\hookrightarrow$ Aumenta o poder bolxevique no campo.
- Medidas no sector industrial e comercial:
 - Desnacionalización da pequena e mediana industria.
 - Autorización de apertura de talleres artesanais e pequenas industrias.
 - Arrendamento de empresas estatais a particulares.
 - $\hookrightarrow$ Problemas $\rightarrow$ Carencia de materias primas e enerxía.
 - $\rightarrow$ Nivel tecnolóxico moi baixo e xestión económica deficiente
 - $\rightarrow$ Escasa capacidade para xerar bens destinados á exportación.
 - $\hookrightarrow$ Recuperación das industrias rurais e artesanais $\Rightarrow$ bens de consumo.
 - $\hookrightarrow$ Reprivatización parcial do comercio $\Rightarrow$ Comerciantes privados intermediarios

- Resultados da NEP:→ Mellora das condicións de vida.
 - Abastecemento das cidades.
 - Aumentan os salarios.
 - Máis postos de traballo.
 - Grupo privilexiado (NEPMANI).
 - ↳ Criticados polo PC
- 1922-1923: **CRISE DAS TESOIRAS** ⇒ Diverxencia prezos industriais/agrícolas.
 - Recuperación da produción agraria ⇒ Descenso dos prezos agrícolas.
 - Escaso poder adquisitivo dos campesiños.
 - Cae a demanda ⇒ Crise industrial.
- ↳ Intentos de solución á crise ⇒ Intervención do Estado:
 - Medidas para baixar os prezos industriais :
 - redución de créditos para incentivar a venda de *stocks*.
 - fixación de prezos máximos.
 - importacións de bens moi demandados.
 - Actuacións no campo:
 - facilitar a exportación de produtos agrícolas.
 - o Estado paga máis cartos polo cereal que compra.
- ↳ Consecuencia da caída dos prezos industriais: - desemprego.
 - diferenciación de salarios.
- ↳ Desprazamento dos apoios bolxeviques ás masas campesiñas.

DEL COMUNISMO DE GUERRA A LA NEP

X Congreso del Partido Comunista (1921):
giro a la política económica para hacer frente al descontento
social y a la oposición política.

**COMUNISMO DE
GUERRA
(1918-1921)**



Control estatal de la
Economía
(planificación económica)



RESULTADOS



**N. E. P.
(Nueva Política
Económica)
(1921-1926)**

Retorno a prácticas
económicas "capitalistas"
y mantenimiento del control
del Estado sobre los sectores
económicos más importantes

Recuperación
económica

RESULTADOS

Un capitalismo de estado

A NEP

Sabemos que só o acordo co campesiñado pode salvar a Revolución en Rusia. Debemos dicir que o campesiñado está descontento da forma das relacións establecidas entre el e nós, que non quere esa forma de relacións e que non está disposto a seguir así. Isto é indiscutible. É a vontade das enormes masas de poboación traballadora. Debemos tela en conta, e somos políticos sensatos de abondo para dicir abertamente ¡lmos revisar a nosa política respecto do campesiñado!

¿Como satisfacer ao campesiño e que significa darlle satisfacción? En realidade pode satisfacerse ao pequeno agricultor con dúas cousas: en primeiro lugar, precísase de certa liberdade de intercambio de mercadorías e, en segundo lugar, é preciso facilitar mercadorías e produtos. ¿Que senso pode ter a liberdade de intercambio, se non hai mercadorías para cambiar, e a liberdade de comercio, se non hai con que comerciar?

Este intercambio de mercadorías é para o campesiño un estímulo, un aliciente, un incentivo. O agricultor pode e debe afanarse polo seu propio interese, posto que non lle serán incautados todos os excedentes, senón que só se esixirá del un imposto que, de ser posible, terá que fixarse con antelación.

LENIN, *Informe ao X Congreso do PC de Rusia*, 8 marzo de 1921.

Resultados da NEP

	1921	1924	1926
Produc. Industrial (millóns rublos)	2004	4660	11083
Carbón (millóns de t)	8,9	16,1	27,6
Electricidade (millóns de kw/h)	520	1562	3508
Ferro bruto (milleiros de t)	116	755	2441
Aceiro (milleiros de t)	183	1140	3141
Zonas sementadas (millóns de ha)	90,3	98,1	110,3
Colleita de gran (millóns de t)	37,6	51,4	76,8

CONSTRUCCIÓN DO ESTADO SOVIÉTICO

- Goberno provisional → Desaparición do sistema político autocrático
↓ → Intento de crear unha república parlamentaria
Diferente punto de vista do poder paralelo dos Soviets
- Toma do poder polos bolxeviques ⇒ Triunfo dos Soviets
- Eleccións para a Asemblea Constituinte (convocadas por Kerenski):
 - Maioría de SR (58%)
 - Resultados pouco favorables aos bolxeviques (25%)
 - Outros: menxeviques, kadetes, nacionalidades
- Maioría de opositores ao réxime soviético ⇒ Volta á dualidade
- Accións dos bolxeviques ⇒ Ilegalización do partido KDT polo Sovnarkom
- Intento da Asemblea de revisar algún dos Decretos de Outubro
 - ⇒ Sesións aprazadas por falta de acordo
 - ⇒ O Comité Executivo Central dos Soviets dissolve a Asemblea
- A Revolución perde o carácter pluripartidista ⇒ Congreso dos Soviets
única asemblea legal

- 1918 ⇒ DECLARACIÓN DE DEREITOS DO POBO TRABALLADOR E EXPLOTADO:

- República de Soviets de deputados obreiros, soldados e campesiños
- Todo o poder central e local pertence aos soviets
- Unión libre de nacións libres: federación de repúblicas nacionais soviéticas

⇒ CONSTITUCIÓN DA REPÚBLICA SOCIALISTA FEDERATIVA SOVIÉTICA RUSA (RSFSR)

- Carácter programático (pasos do Capitalismo ao Socialismo)
- Abolición da propiedade privada
- Paso dos medios básicos de produción a mans do pobo
- Ratificación das medidas adoptadas dende a Revolución
- Recorte dos dereitos individuais en función dos intereses do Estado
- Sufraxio restrinxido ⇒ para os traballadores, soldados e mariñeiros
- Obrigatoriedade do traballo e do servizo militar
- Abolición de discriminacións por raza ou nacionalidade
- Liberdade de conciencia para a clase traballadora
- Liberdade de opinión e reunión


- Novo sistema político ⇒ Poder organizado nunha estrutura piramidal:



- Resultados → Predominio político do Sovnarkom
 - Progresiva concentración e centralización do poder
 - Recoñecemento máis formal que real das liberdades e os dereitos

EL NUEVO MODELO DE ESTADO SOVIÉTICO

LA ORGANIZACIÓN POLÍTICA DE LA URSS



ESQUEMA BÁSICO DEL PODER EN EL ESTADO SOVIÉTICO



El principio de la legalidad socialista es la "Dictadura del Proletariado"; no hay Separación de poderes y el poder político está centralizado y concentrado en El Partido Comunista, el único que existe. No hay, por tanto, pluralismo político. La URSS se configura, pues, como un Estado totalitario.

A URSS E AS NACIONALIDADES

-1917: **DECLARACIÓN DE DEREITOS DOS POBOS DE RUSIA**

⇒ Recoñecemento do dereito á igualdade de todos os pobos de Rusia e dereito á autodeterminación

- 1918: Tratado de Brest-Litovsk ⇒ Independencia de Finlandia, Polonia, Repúblicas Bálticas, Xeorxia.

↳ Ocupación alemana de Ucraína e Bielorrusia.

- Fin Guerra Civil ⇒ Gobiernos bolxeviques nalgúñas repúblicas: Bielorrusia, Ucraína, Armenia, Xeorxia, Azerbaijan.

- **1922**: Unión federal coa RSFSR ⇒ **TRATADO DA UNIÓN (URSS)**:

- Recoñecemento da igualdade de dereitos.

- Dereito á autodeterminación e a un goberno propio.

- **1924: CONSTITUCIÓN** → Estrutura federal.
 - 2 cámaras:
 - Consello da Unión.
 - Consello das Nacionalidades.
- Distintos niveis das nacionalidades:
 - × Rep. Socialistas Federativas Soviéticas (RSFS): Rusia, Transcaucasia.
 - × Rep. Socialistas Soviéticas (RSS): Ucraína, Bielorrusia.
 - × Rexións Autónomas (RA): Chuvasia, Udmurtia, Mari, Komi... (RSFSR)
 - × Rexións Autónomas Socialistas Soviéticas (RASS): Carelia, Tatarstán, Kirghizia, Turkestán, Crimea, Yakutia, Checheno-Igushetia.
- 1922-36: Rep. Socialistas Soviéticas: Kazakhistán, Kirguizistán, Tadzhikistán, Turkmenistán, Uzbekistán.
- Fin SGM ⇒ Incorporación á URSS de Moldavia, Lituania, Letonia e Estonia.
- Problemas da nova organización federal:
 - A RSFS de Rusia convértese no centro da URSS.
 - A unión non sempre foi voluntaria (Ocupación do Exército Vermello).
 - Enorme poder de decisión das institucións centrais.
 - Desaxuste: estrutura federal da URSS/centralización do PC

La formación de la URSS (1923-1940)

Incorporación progresiva de las repúblicas:

- En 1922
- En 1925
- En 1929
- En 1936
- En 1940




III INTERNACIONAL OU INTERNACIONAL COMUNISTA

- Rev. de Outubro → Demostración da grave crise do capitalismo.
→ Anuncio da revolución socialista mundial.
- Colapso da Internacional Socialista (apoio á burguesía na PGM)
- Nacemento da III Internacional ou Internacional Comunista (**KOMINTERN**)
- Homologación de todos os PC ⇒ 21 condicións para a afiliación á IC:
 - ✗ Expulsión dos reformistas e periódicas depuracións
 - ✗ Obriga de facer propaganda
 - ✗ Axitación e organización comunista legal ou clandestina
 - ✗ Vital importancia do traballo revolucionario dentro do exército
 - ✗ Disciplina férrea nos partidos integrantes da IC
- Etapas:
 - a) Mantemento das expectativas revolucionarias
 - ↳ Movementos que tratan de acabar co sistema capitalista:
 - Movemento espartaquista alemán (K.Liebknecht, R.Luxemburgo).
 - República soviética de Baviera.
 - Goberno revolucionario de Bela Kun en Hungría.
 - b) Finais de 1920 → Fracaso da onda revolucionaria
 - Illamento internacional da Rusia soviética.
 - Enfrontamento cos socialdemócratas.
 - Bolxevización dos PC en organización e estratexia
 - Hexemonía dos socialdemócratas no movemento obreiro

- Os partidos que desexen pertencer á Internacional Comunista están obrigados a recoñecer a necesidade dunha ruptura total e absoluta co reformismo e coa política de “centro”.
- Os partidos comunistas deben realizar unha propaganda constante para que os obreiros se neguen a transportar útiles bélicos aos inimigos das Repúblicas Soviéticas.
- Cada un dos partidos que desexe ingresar na Internacional Comunista debe levar este título: Partido Comunista de tal país.
- Os adherentes dun partido que rexeitaran as condicións e as teses establecidas pola Internacional comunistas deberán ser excluídos das súas filas.

III Internacional



ESTATUTOS DA INTERNACIONAL
COMUNISTA, xullo, 1920.

LOITA POLO PODER Á MORTE DE LENIN

- 1922: **Stalin** Secretario Xeral do PCUS
 - Confirmación das tendencias centralizadoras
 - Reforzamento do aparato do Partido
- 1924: Morte de Lenin ⇒ TROIKA: **STALIN, KAMENEV, ZINOVIEV**
 - ↳ Obxectivo : impedir a Trotski a dirección do PCUS
- Concepción da Revolución:
 - Stalin: Construción do socialismo nun só país
 - Trotski: A revolución permanente
- 1925: Triunfo de Stalin ⇒ socialismo autosuficiente, modernización da agricultura e da industria
- Discusión sobre a NEP ⇒ Separación de Kamenev e Zinoviev
- Nova *troika*: **STALIN, BUJARIN, RIKOV**
- **1927** : Triunfo de **Stalin** ⇒ Expulsión de Trotski do PC



Stalin é demasiado rudo, unha falta quizais tolerable nas relacións entre nós, os comunistas, pero que se volve intolerable nunha persoa que posúe o cargo de secretario xeral. Por iso, propóñolles aos camaradas que encontren unha alternativa que permita remover a Stalin dese cargo e que nomeen para o mesmo a outra persoa, máis tolerante, máis leal, máis educada e máis considerada cos demais camaradas, menos caprichosa. Esta circunstancia ben puidera parecer unha bagatela, pero se temos en conta o que escribín acerca das relacións entre Stalin e Trotski, non se trata dunha nimiedade, ou polo menos que é algo que pode chegar a adquirir unha importancia decisiva.

LENIN, *Carta ao Congreso*, 4 xaneiro 1923.



DEL LENINISMO AL ESTALINISMO

CREACIÓN DE LA URSS (1922)

Confederación de repúblicas
(Constitución de 1924)



LENIN (+1924)

Partido único (PCUS) que monopoliza
el aparato del Estado

La NEP (sistema de economía)

Repercusión de la Revolución:
creación de la III Internacional (1919)
oleada revolucionaria en Europa

STALIN (+1953)



Monopolio del partido
Dictadura personalista
Depuraciones

Política económica:
colectivización agraria
expansión industrial
planes quinquenales

"Socialismo en un solo país"

A PLANIFICACIÓN ECONÓMICA

- 1929: Abandono da NEP
 - Fin da liberalización
 - Planificación
- O Estado controla todo o proceso económico como propietario dos medios de produción
 - ↳ COMISIÓN DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA ESTATAL (**GOSPLAN**)
- Planificación organizada a través de **PLANS QUINQUENAIS**:
 - Obrigatorios
 - Máxima centralización das decisións nos órganos superiores
 - Fixan taxas de crecemento e distribución de investimentos
 - Determinan o prezo dos produtos e dos salarios
 - Aplicación concreta a cada unha das Repúblicas da URSS

I PLAN QUINQUENAL (1928-1932)

- Obxectivo: expansión da industria pesada.
- Conversión do campo en fonte de recursos para o financiamento industrial
- Cambio nas estruturas agrarias para:
 - Asegurar a produción de alimentos e materias primas
 - Crecemento das exportacións
 - Liberación de man de obra para industrias e servizos
 - Aumento da demanda de bens industriais
- Problemas para resolver → Reparto da terra en pequenas explotacións
 - Uso intensivo do traballo no sector agrícola
 - Escasa modernización das técnicas produtivas
 - Elevado autoconsumo ⇒ falta de excedentes

Resposta:

↳ Colectivización das explotacións agrarias

↳ Oposición de pequenos e medianos campesiños e dos kulaks:

- redución da produción
- sacrificio de gando

↳ Represión: coaccións, deportacións, execucións.

↳ Colectivización a través de 2 tipos de explotación agraria:

✱ **KOLJOZES:** Cooperativas agrícolas dotadas de medios de produción de propiedade colectiva para explotar unha extensión de terra común.

✱ **SOVJOZES:** Empresas agrícolas estatais en terras de propiedade estatal, explotadas por asalariados agrícolas e dirixidas por técnicos do Estado.

II PLAN QUINQUENAL (1933-1937)

- Prioridades:
 - Fontes de enerxía e industria pesada e armamentística
 - Industria lixeira e de bens de consumo (2º plano)
- **KOMBINATS:** Agrupación de industrias con actividades interdependentes
- Cambio total na estrutura económica
 - Rápida industrialización
 - Aumento da produción de industrias básicas
 - Impacto internacional do crecemento
- Sectores desfavorecidos:
 - Industrias de bens de consumo
 - Nivel de vida baixo dos agricultores
- Problema da escasa produtividade → Falta de incentivos
 - ↳ Procedementos competitivos e propagandísticos:
 - Formación de brigadas cos mellores traballadores
 - Creación da figura do “heroe do traballo” (Stajanov)
 - Traballo obrigatorio e gratuito en días de descanso

III PLAN (1938-1942)

IV PLAN (1946-1950)

V PLAN (1951-1955)

Os Plans Quinquenais

A tarefa principal do Plan Quinquenal consistía en facer pasar o noso país, cunha técnica atrasada, ás veces medieval, á vía dunha técnica nova, moderna.

A tarefa esencial do Plan Quinquenal consistía en transformar á URSS nun país industrial, en eliminar por completo os dereitos capitalistas, en ampliar a fronte das formas socialistas de economía e en crear unha base económica para a supresión das clases na URSS, para a construción dunha sociedade socialista.

A tarefa principal do Plan Quinquenal consistía en facer pasar a pequena economía rural fragmentaria á grande economía colectivizada, asegurar por ela a base económica do Socialismo no campo e liquidar así a posibilidade de restauración do capitalismo na URSS.

A tarefa do Plan Quinquenal en materia de agricultura consistía en transformar á URSS dun país de pequenos campesiños e atrasado que era, nun país de agricultura organizada sobre a base do traballo colectivo, proporcionando o máximo de produtos para o mercado.

Finalmente, a tarefa do Plan Quinquenal consistía en crear no país todas as condicións técnicas e económicas necesarias para aumentar ao máximo a capacidade de defensa do país, para permitir organizar unha resposta vigorosa a todos os intentos de agresión armada procedentes do exterior.

STALIN, *Discurso*, 7 xaneiro 1933.

Colectivización da agricultura

Stalin decidiu en 1928 a liquidación do *kulak* e a colectivización dos campesiños pobres e medios. Os *kulaks* resistíronse e deu comezo unha loita feroz. Durante o inverno de 1929-30 a sexta parte do mundo coñecido aturou unha verdadeira guerra civil. Centenares de millares de familias foron desposuídas dos seus bens e desterradas ao Norte. Nas vilas, os que permanecían adheríanse en masa aos *koljoses*, pero primeiramente sacrificaban aos seus animais antes que cedérllelos ás granxas colectivas.

Alá onde se producía algunha vacilación enviábase á tropa, xunto a axitadores. Houbo centenares de revoltas, moito máis graves no Cáucaso e Siberia.

Máis do 60% das familias campesiñas están hoxe en día agrupadas en *koljoses*; nas terras máis produtivas, como o Kouban, non quedan, por dicilo así, máis explotacións individuais.

LUCIANI, G., *Six ans á Moscou*, 1937.

LA URSS DE STALIN SE CONVIERTE EN GRAN POTENCIA



CONTROL ESTATAL DE
LA ECONOMÍA

PLANIFICACIÓN
ECONÓMICA
(GOSPLAN)

La construcción de
un sistema económico
y social comunista

COLECTIVIZACIÓN
AGRARIA (forzosa)
(Koljós y Sovjós)

- Los Planes quinquenales
- Modernización económica y autosuficiencia
- Supresión de los mecanismos de la economía de mercado
- Desarrollo de la industria Pesada (siderurgia y química)
- Desarrollo de las infraestructuras viarias y de obras públicas

Objetivos

Convertir a la
URSS
en una potencia
Industrial y
militar



REESTRUTURACIÓN DO ESTADO: A CONSTITUCIÓN DE 1936

- Identificación do Partido co Estado $\Rightarrow$ Supremacía do PC sobre a sociedade
- Organización do poder: Estado federal

Parlamento bicameral { - SOVIET DAS NACIONALIDADES
(SOVIET SUPREMO) { - SOVIET DA UNIÓN

↳ Nomea- PRESIDIUUM (Presidente: Xefe de Estado)

- CONSELLO DE COMISARIOS DO POBO



Estrutura duplicada no PC

{ - COMITÉ CENTRAL
- PRESIDIUUM
- SECRETARIO XERAL

- Sufraxio universal, directo e secreto.
- Dereitos de asociación, liberdade de expresión, conciencia e relixión (non reais).

Constitución de 1936

Art. 1. A Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas é un Estado socialista de obreiros e campesiños.

Art. 3. Todo o poder na URSS pertence aos traballadores das cidades e dos campos, representados polos Soviets de Deputados dos traballadores.

Art. 13. A URSS é un Estado Federal constituído sobre a base da unión libremente consentida de Repúblicas socialistas soviéticas iguais en dereitos.

Art. 17. Cada República Federada conserva o dereito de saír libremente da URSS.

Art. 30. O órgano supremo do poder do Estado é o Soviet Supremo da URSS.

Art. 33. O Soviet Supremo da URSS está composto de dúas cámaras: o Soviet da Unión e o Soviet das Nacionalidades.

LAS CLAVES DE LA DICTADURA DE STALIN



El prestigio del estado soviético al derrotar a la Alemania nazi



Transformación de la URSS en una gran potencia

Control personal del PCUS



Represión policial

Purgas masivas
Gulag



INSTAURACIÓN DE UN RÉGIMEN DE TERROR

Propaganda

Culto a la personalidad

Falta de libertades individuales y públicas

La censura y la falta de libertad de expresión y prensa
"impedía" saber "lo que pasaba"
(un espeso silencio lo cubría todo)

EL MODELO DE ESTADO SOVIÉTICO: LA DICTADURA DEL PARTIDO COMUNISTA SOBRE EL ESTADO Y LA SOCIEDAD (TOTALITARISMO)

De la dictadura del partido a la dictadura del hombre que controlaba el partido

BUROCRATIZACIÓN

- Aumento dos funcionarios e dos trámites administrativos ⇒ Paralización das institucións

CONTROL POLÍTICO E IDEOLÓXICO

- Supresión de disidencias ⇒ Obediencia absoluta ás directrices de Stalin
- Ríxida disciplina e depuración do PC → Prohibición de críticas
- Acusacións de actividades contrarrevolucionarias:
 - ↳ Procesos de Moscova (1936,1937,1938)
 - ↳ Condena de disidentes no estranxeiro → Asasinato de Trotski
- Control ideolóxico sobre a *intelligentsia* (escritores, artistas, científicos)
- Difusión nos medios de comunicación da consigna oficial
- Control da vida cultural
- Policía política → 1934: NKVD / 1954: KGB
- Deportacións ⇒ Campos de concentración (GULAG) para disidentes

CULTO Á PERSONALIDADE

- Culto case sagrado a Lenin e Stalin
- Uso da imaxe de Stalin como propaganda

Censura



O culto á personalidade

Oh gran Stalin,
Oh xefe dos pobos,
Ti que fas nacer o home,
Ti que fecundas a terra,
Ti que rexuveneces os
séculos,
Ti que fas rexuvenecer a
primavera,
Ti que fas vibrar as cordas
musicais,
Ti, esplendor da miña
primavera,
Ti, sol reflectido en millares
de corazóns.

Poema de Rakhimov,
Pravda, 25 agosto, 1936.





**ВПЕРЕД, ЗА РАЗГРОМ НЕМЕЦКИХ
ЗАХВАТЧИКОВ И ИЗГНАНИЕ ИХ ИЗ
ПРЕДЕЛОВ НАШЕЙ РОДИНЫ!**



ЛЮБИМЫЙ СТАЛИН-СЧАСТЬЕ НАРОДНОЕ!

© «Контакт-Культура», 2005. В. Корецкий. 1949

www.plakat.ru



**И ЗАСУХУ
ПОБЕДИМ!**

Campos de trabajo



As purgas stalinistas

Está probado que dos 239 membros e suplentes do Comité Central do Partido que foron elixidos no XVII Congreso, 98 foron detidos e fusilados, é dicir, o 70% (a maioría nos anos 1937-38).

A única razón pola que o 70% dos candidatos foron denunciados como inimigos do Partido e do pobo, é a calumnia lanzada contra comunistas íntegros, a total falsidade das acusacións, e a violación gravísima da legalidade revolucionaria.

A mesma sorte correron tamén a maioría dos delegados do XVII Congreso; dos 1.966 delegados, tanto os de dereito a voto como os de voto consultivo, 1.108 persoas, é dicir, sensiblemente máis que a maioría, foron detidos baixo a acusación de crimes contrarrevolucionarios.

KRUSCHEV, *Informe ante o XX Congreso do PCUS*, 25 febreiro 1956.

Purgas	Persoas nos <i>gulags</i>
1933 Purgas no Partido, expulsión de elementos “extraños e indeseables”.	1934 → 510.307
1935-36 Purga e renovación de membros do Partido. Investigación da “pureza” e adhesión ideolóxica dos militantes. Expulsión dos non adictos a Stalin e ingresos de novos militantes “favorables” ao líder.	1935 → 965.742 1936 → 1.296.494
1937-38 Anos de terror. Arresto, xuízo e denuncia pública de opositores a Stalin (membros do Partido, militares, ex opositores...)	1937 → 1.196.369 1938 → 1.881.570 1939 → 1.672.438 1940 → 1.659.992 1941 → 1.929.729